

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 30/07/2020**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ

Non asistentes

-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30/07/2020, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 25 de xuño de 2020.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xuño de 2020.
3. Toma de coñecemento da renuncia de dous integrantes da Candidatura do PP correspondente ás eleccións municipais de 2019.
4. Toma de coñecemento do informe de Intervención relativo ao cumprimento da normativa en materia de Morosidade nas operacións comerciais correspondente ao 2º trimestre/2020, Concello e Fundación de Deportes.
5. Toma de coñecemento do Informe resumo de control interno do exercicio 2019, Concello e Fundación de Deportes.
6. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 03/REC/2020 por importe de 7.133,21€.

7. Aprobación, se procede, do Plan Económico Financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu Organismo Autónomo para o período 2020-2021 unha vez remitido ó Ministerio de Facenda.

8. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG para o desenvolvemento dun plan integral de rexeneración e recuperación da vila de Vilaxoán.

10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre eliminación de barreiras arquitectónicas e implantación de melloras urbanísticas e de accesibilidade para o colectivo de invidentes e de persoas con discapacidade visual

11. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre a substitución da nomenclatura da Avda. Juan Carlos I por unha Avenida que reivindique a historia do noso sistema democrático e a quen loitaron por el.

12. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para renomear a Avda. Juan Carlos I.

13. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila,

para reverter o desmantelamento da sanidade na comarca que inclúa unha ambulancia medicalizada con base en Vilagarcía todo o ano.

14. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
15. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
16. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
17. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Vecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal> A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Vecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25 DE XUÑO DE 2020.:

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21), a acta do Pleno Ordinario de 25 de xuño de 2020.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XUÑO DE 2020: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

Nº DESCRICIÓN

2 Solicitud de licenza de legalización

7 Solicitud de licenza para ampliación rede de telecomunicacións

1 Desestimación de recurso de reposición contra denegación de licenza

9 Solicitud de licenza para acometida rede de auga e /ou saneamento

3 Solicitud de prórroga de licenza de obras

3 Solicitud de cambio de titularidade/Transmisión de licenza

51 Comunicación previa obras

1 Conformidade a estado final de obra

4 Declaración de ineficacia de comunicación previa

1 Desestimento e arquivo comunicación previa

7 Solicitud de licenza de obra maior

1 Acceso a inmovible

1 Aprobación liquidacións

15 Beneficios fiscais IVTM

1 Beneficios fiscais IBI

1 Conformidade prórroga comisión de servizos Interventora Municipal
6 Deber de conservación
1 Devolución IVTM
2 Decreto de inicio de expedientes sancionadores de tráfico
2 Exención de IBI
4 Expte. De modificación de crédito por Xeración
4 Expte. De modificación de crédito por transferencia
2 Domingos e festivos diversos servizos (Policía Local, Cemiterios)
1 Nocturnidade Policía Local
4 Nomeamento de funcionarios/as interinos/as
1 Pagamento Plan de Pensións maio 2020
1 Pago axudas emerxencia social
1 Pago duplicado
3 Pago préstamos xuño
1 Vacacións concexes colexios
9 Recursos taxas
4 Reposición da legalidade urbanística
1 Resolución adxudicación operación de préstamo a curto prazo
1 Nomeamento director de obra
1 Adxudicación instalación deshumectadora piscina municipal
3 Substitución posto de categoría superior
20 Pago expedientes Tesourería
1 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde
3 Probación de pregos de licitación
3 licenza para segregación de parcelas
1 Licenza para canalización de gas
1 Conformidade a proxecto de execución
1 Solicitud licenza ampliación rede eléctrica
1 Pagos comisións TPV xuño
1 Pago preferente certificación de obra
1 Renuncia e arquivo expediente de obra

TOTAL. 193

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE DOUS INTEGRANTES DA CANDIDATURA DO PP CORRESPONDENTE ÁS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE 2019. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Secretaria Xeral do seguinte teor:

Vistas as renuncias presentadas por Dona Sagrario Castro Vidal e Dona Begoña Lorda Cancelo, ambas integrantes da candidatura do PP ás eleccións municipais de 2019, emítase o seguinte INFORME:

1) O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 7 de febreiro de 2020, tomou razón de renuncia do Concelleiro do PP, D. Alfonso Ramón González Gallego e solicitou á Xunta Electoral Central, que se levaran a cabo os trámites oportunos para o relevo do Concelleiro renunciante, por Dona Sagrario Castro Vidal.

2) O día 4 de marzo de 2020, a Xunta Electoral Central expide a credencial correspondente e designou Concelleira a Dona Sagrario Castro Vidal.

3) O día 24 de maio de 2020, a portavoz do grupo municipal do PP, solicita retrasar temporalmente a toma de posesión de Dona Sagrario Castro Vidal, por motivos pessoais.

4) Con data 22 de xullo de 2020, presentan a renuncia as dúas integrantes da candidatura do PP ás eleccións municipais de 2019, seguintes:

a. Dona Sagrario Castro Vidal

b. Dona Begoña Lorda Cancelo

5) Ao amparo da Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre relevo de cargos representativos locais, débense poñer estas renuncias en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central aos efectos de proceder ao relevo conforme o disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da Corporación lle corresponde a vacante.

O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que no caso de renuncia dun concelleiro, o escaño atribuirase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

Recibida a certificación da Corporación local de toma de coñecemento do cese no cargo representativo local, a Xunta Electoral expedirá a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á Corporación local da que aquel forme parte.

A Corporación notificarásella ao interesado, de xeito fidedigno, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

6) Vista a lista electoral do PP nas eleccións municipais do 26 de maio de 2019, sendo esta á que pertence o renunciante (D. Alfonso Ramon González Gallego), estímase que lle corresponde substituílo a D. Juan Marcos Alcalde Vázquez que figura no posto noveno da mesma, debido así mesmo, ás renuncias de Dona Sagrario Castro Vidal e Dona Begoña Lorda Cancelo.

A Comisión queda sabedora das renuncias citadas que se solicite á Xunta Electoral Central a expedición da credencial de concelleiro a favor de D. Juan Marcos Alcalde Vázquez, en substitución de don Alfonso Ramón González Gallego.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECIMENTO DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO

CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2020, CONCELLO E FUNDACIÓN DE DEPORTES: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do segundo trimestre de 2020, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	927.196,71	341.252,52
Investimentos reais	210.537,30	174.734,83
Outros pagos realizados por operacións comerciais	5.228,70	389,18
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	1.138.290,94	516.376,53

Xuros de demora pagados no trimestre:0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.444.708,34	544.587,19
Investimentos reais	201.824,72	142.974,75
Outros pagos realizados por operacións comerciais	53,68	
Pendientes de aplicar a Orzamento	160.924,57	95.420,21
TOTAL	1.807.511,31	782.982,15

Período medio de pago:56,75 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	75.872,69	
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	75.872,69	

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	25.299,01	
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	519,45	781,80
TOTAL	25.818,46	781,80

Período medio de pago: 26,37 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- DASE CONTA DOS INFORMES DE RESUMO ANUAL DO CONTROL INTERNO DO

EXERCICIO 2019 DO CONCELLO E DA FUNDACIÓN DE DEPORTES: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Intervención Municipal, no que se expón as seguintes conclusións e recomendacións:

III.CONCLUSIÓN E RECOMENDACIÓN.

A continuación expóñense, segundo a actuación da que proceden, os resultados máis significativos que a xuízo desta intervención han de ser tomados en consideración integrando as conclusións e recomendacións da Intervención delegada da Fundación de Deportes:

A) Función Interventora

A.1) CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

1.-As nóminas non se remiten á Intervención municipal con suficiente antelación para unha correcta fiscalización previa limitada e a documentación remitida é en soporte papel o que implica unha contabilización manual da mesma.

Recomendación:

Do mesmo xeito que se realiza para o pago, que polo Departamento de RRHH se faga uso da posibilidade prevista na aplicación de nóminas, de elaborar un ficheiro para a contabilización que sexa remitido ao Departamento de Intervención cunha antelación suficiente para a súa fiscalización previa limitada e en todo caso simplifique os labores de contabilización que actualmente se realiza manualmente, o que contribúe negativamente na acumulación de tarefas do Departamento.

2.-No exercicio 2019 tramitáronse expedientes de gastos mediante a modalidade de contrato menor que se deberían de contratar conforme os procedementos previstos na LCSP onde se garanta a publicidade e concorrencia, no que se obviou totalmente o procedemento legamente establecido.

Recomendación

Tramitar as contratacións ordinarias de servizos e subministracións vinculados con servizos básicos, conforme a LCSP, dando prioridade á súa regularización.

No caso de que os medios humanos e materiais non sexan suficientes, deberase estudar a posibilidade de reforzar o persoal municipal do Departamento de Contratación ou na súa falta acudir a contratacións externas.

3.- Demoras na execución dos contratos.

Recomendación

Reforzar as obrigacións dos directores de obra a este respecto deixando claras as súas obrigacións como parte integrante do contrato de servizos que lle sexa adxudicado.

En caso de incumprimento dos contratos por causas imputables ao contratista, deberanse esixir as penalidades por demora previstas nos Pregos de Cláusulas Administrativa Particulares.

5.- Debe regularizarse a situación xurídica da Fundación Fexdega.

Recomendación:

Regularizar a situación xurídica da Fundación con carácter urxente procedendo á súa disolución en todo caso.

En tanto non se disolva a fundación, formalizar un contrato de aluguer para o espazo ocupado polas oficinas da Fundación de Deportes e que pola Fundación Fexdega se contrate ao seu propio persoal que xestione o uso das súas instalacións, (autorizacións, ingresos,... etc).

A.2) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Recoméndase tramitar contratos para gastos de carácter continuo e repetitivo, tales como actuacións fitosanitarias en instalacións deportivas. Expediente DEPORT/2019/000224.

Indícase a necesidade dun convenio de cesión de instalacións municipais ou outras (Fundación Fexdega) para os efectos de evitar irregularidades ou reparos nos gastos realizados nas mesmas. Expediente reparo 1/2019 e indicado tamén no Expediente Orzo 2019.

B) Control Permanente

B.1) CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

De conformidade co recolleito no artigo 35 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos. Devanditos informes, que terán a estrutura, contido e tramitación fixados nas normas técnicas de control financeiro e auditoría ditadas pola IGAE, expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control, e indicarán as deficiencias que deban ser emendadas.

No exercicio 2019, non se confeccionaron nin informes periódicos nin Plan Anual de Control Financeiro.

Recomendación:

Reforzar o Departamento de Intervención mediante a dotación e cobertura por OEP dunha praza de Técnico de grupo A1.

Elaborar un Plan Anual de control financeiro que determine a periodicidade e alcance do control para desenvolver polo Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación de Deportes.

B.2) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Recoméndase reforzar a área administrativa do organismo autónomo.

Recoméndase regularizar a facturación das empresas subministradoras de enerxía eléctrica

C. Auditoría Pública

Non se realizou auditoría Pública no exercicio 2019.

Deberá contratarse e realizar a Auditoría Pública do Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación de Deportes de fronte ao exercicio económico do 2020.

IV.- DEFICIENCIAS A CORRIXIR QUE REQUIRAN PLAN DE ACCIÓN.

Á vista das conclusións e deficiencias recollidas no presente informe, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 424/2017 resulta preceptiva a formalización dun Plan de Acción, (PA) pola Alcaldía no prazo máximo de 3 meses desde a remisión do presente informe resumo ao Pleno da Corporación.

O Plan de Acción conterá as medidas de corrección a adoptar, o responsable de implementalas e o calendario de actuacións a realizar, relativas tanto á xestión propia da Corporación como aos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerzan a tutela.

O contido do plan de acción será obxecto de valoración pola Intervención municipal, en canto á súa adecuación para liquidar as deficiencias sinaladas e no seu caso os resultados obtidos, informando o Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto.

V.- VALORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN

Non existe Plan de Acción do exercicio 2018.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 03/REC/2020 POR IMPORTE DE 7.133,21 €: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA DA ALCALDIA

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extrajudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Xustificantes de gasto contidos na relación F/2020/51 correspondentes a contratos menores de submnisitros e servizos realizados nos exercicios 2016 e 2019 que tiveron entrada nos meses de marzo a xuño do 2020, e que pola súa natureza non tiñan cabida na tramitación prevista na Base 21 das de Execución do orzamento.
2. Gastos derivados das asistencias de concelleiros e concelleiras a órganos colexiados, (sesións de Xuntas de Goberno Local, Comisións informativas e Plenos) no mes de agosto de 2019, así como gastos por asistencias o Tribunal para a selección de persoal para o programa “O teu primeiro emprego” subvencionado pola Deputación Provincial, levado a cabo no mes de agosto de 2019, pero que polo Departamento de RRHH non foron tramitados no exercicio 2019.
3. Certificación Final da obra de “Construcción da Escola Infantil de Vilaxoa”n (PROXECTO: OBRA (2) Nº 01/44/2016 que contén variacións nas medicións da devandita obra, (Nº de rexistro 2019/10381) e que foi presentada pola adxudicataria en data 26/12/2019, e polo tanto con posterioridade á data de peche contable do exercicio 2019.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados na relación de operacións pendentes de aplicar o orzamento anexa á providencia de alcaldía Nº D/2020/3 por importe de 7.133,21 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extrajudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de contratos de servizos, subministracións e obras, así como indemnizacións por razón do servizo efectivamente realizados, en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 03/REC/2020, para os xustificantes de gasto comprendidos na relación de OPAS Nº D/2020/3 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 7.133,21 € con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2020 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Mare da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 03/REC/2020.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 03/REC/2020, para os xustificantes de gasto comprendidos na relación de OPAS Nº D/2020/3 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 7.133,21 € con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2020 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA E DO SEU ORGANISMO AUTÓNOMO PARA O PERÍODO 2020-2021 UNA VEZ REMITIDO O MINISTERIO DE FACENDA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA-PRPOSTA DE ALCALDÍA.

Conforme o establecido no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en sesión Plenaria de 25 de xuño de correntes,

aprobouse o Plan Económico Financeiro 2020-2021 do Concello de Vilagarcía de Arousa e o seu Organismo Autónomo, confeccionado pola Intervención municipal e subscrito por esta alcaldía. permitirá acadar o cumprimento da regra de gastos así como os demais obxectivos fiscais para o período 2020-2021.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigación de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, dentro do prazo de 5 días procedeuse a súa remisión o Ministerio de Facenda a través da plataforma habilitada a tal efecto na Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Como consecuencia de cumprimentar dito trámite, tal e como se explica no informe de Intervención que se achega coa presente Memoria, á hora de introducir as medidas que comprendía o PEF e que foron aprobadas polo Pleno, a plataforma do Ministerio ven a modificar certas ratios debido a que a consta de formularios taxados e ríxidos que non permiten introducir datos que si foron tidos en conta pola Intervención Municipal co fin de acadar unha estimación das liquidacións para o período do PEF, o máis próximas posible á realidade.

Non resultan modificadas as medidas en si aprobadas, que son as retencións de crédito de non dispoñibilidade, se non que varían as súas repercusións económicas e as estimacións do cumprimento da regra de gasto e estabilidade para as liquidacións 2020 e 2021, resultando en todo caso unhas estimacións máis favorables das que recollía o PEF inicial.

Co fin de manter unha concordancia entre o documento aprobado polo Pleno e o aprobado polo Ministerio, esta Alcaldía considera axeitado presentar o Pleno para a súa aprobación o PEF definitivo que será o que se publique e remita o órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia.

En consecuencia, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordó:

PRIMEIRO. Aprobar o Plan Económico-Financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa e o seu Organismo Autónomo para o período 2020-2021, (PEF 2020-2021), aprobado polo Ministerio, nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo. Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Mare da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Plan Económico Financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa e o seu Organismo Autónomo para o período 2020-2021.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (4) e Marea da Vila (1), e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1),

ACÓRDASE: Aprobar por maioría o Plan Económico-Financeiro do Concello de Vilagarcía de

Arousa e o seu Organismo Autónomo para o período 2020-2021, (PEF 2020-2021), aprobado polo Ministerio, nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. Cándido Meixide Figueiras, en representación da Plataforma Veciñal de Vilaxoán, en relación coa moción do Grupo Municipal do BNG para o desenvolvemento dun plan integral de rexeneración e recuperación da vila de Vilaxoán.

- D. José Ramón Abuín Rodríguez, en relación coa moción do Grupo Municipal do PP sobre eliminación de barreiras arquitectónicas e implantación de melloras urbanísticas e de accesibilidade para o colectivo de invidentes e de persoas con discapacidade visual

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir intervén D. Cándido Meixide Figueiras, en representación da Plataforma Veciñal de Vilaxoán.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN INTEGRAL DE REXENERACIÓN E RECUPERACIÓN DA VILA DE VILAXOÁN. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020,

do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 22 de xullo de 2020, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PLAN INTEGRAL DE REXENERACIÓN E RECUPERACIÓN DA VILA DE VILAXOÁN.

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, en apoio ás reivindicacións das veciñas e veciños de Vilaxoán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilaxoán é unha vila mariñeira que leva anos vendo como esmorece como pobo e como entidade fundamental dentro do conxunto do noso Concello. Trátase dun deterioro conxuntural e estrutural, ademais dunha depresión identitaria e anímica debido a:

- Deterioro no ámbito urbano: calzadas, beirarrúas, colectores de lixo, tráfico, limpeza parques e rúas, lavadoiro,...
- Conxunto de infraestruturas pluviais en Miramar e Camiño de Torás soterradas e confrontadas coas pleamares, provocando roturas e asolagando as rúas.
- Sometemento a institucións como Portos, Augas de Galicia, Abanca, Naturgy, Telefónica, Xunta.
- Perda do tecido industrial vinculado ao mar como conserveiras e salazón.
- Diminución da flota pesqueira e mexilloeira.
- Éxodo da poboación a urbanizacións como o Piñeiríño
- Abandono das vivendas e dereriero das mesmas.
- Falta de dinamización sociocultural dos centros da vila.

Dende o BNG entendemos que Vilagarcía ten unha débeda histórica con Vilaxoán polo que se debe traballar para que, xunto con Carril e Vilagarcía, forme parte dos núcleos urbanos de relevancia.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Establecer un Plan Integral de recuperación e devolución do carácter identitario da noutrora potencia social e económica que foi a Vila de Vilaxoán de Arousa, co compromiso de todos os grupos da corporación e coa colaboración das veciñas e veciños.
- 2.- Instar a Portos de Galiza á derogación da Lei de Portos e do establecemento dunha entidade de colaboración entre Concello e Xunta para o establecemento das medidas necesarias na posta en valor e reactivación da vila.
- 3.-Instar a Portos de Galiza á suspensión das taxas abusivas e do réxime sancionador de xeito inmediato mentres non se adopte a medida anterior.
- 4.- Esixir ás intitucións competentes as medidas necesarias para garantir a seguridade e as melloras nas infraestruturas pertinentes (Seguridade na Avda de Cambados, plan de rehabilitación de vivendas e casco histórico...).

Vilagarcía de Arousa, 22 de xullo de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais doPSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común,

Mare da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para o desenvolvemento dun Plan Integral de Rexeneración e Recuperación na Vila de Vilaxoán.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, seguinte:

5.- No suposto de que entre as zonas que se desafectasen do espazo portuario non estivera a explanada do Preguntoiro, Instar a Portos a que se comprometa a renunciar a edificar neste espazo, quedando para uso e desfrute do pobo de Vilaxoán.

- O grupo político municipal do BNG acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción xunto coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e,

1.- Establecer un Plan Integral de recuperación e devolución do carácter identitario da noutrora potencia social e económica que foi a Vila de Vilaxoán de Arousa, co compromiso de todos os grupos da corporación e coa colaboración das veciñas e veciños.

2.- Instar a Portos de Galiza á derogación da Lei de Portos e do establecemento dunha entidade de colaboración entre Concello e Xunta para o establecemento das medidas necesarias na posta en valor e reactivación da vila.

3.- Instar a Portos de Galiza á suspensión das taxas abusivas e do réxime sancionador de xeito inmediato mentres non se adopte a medida anterior.

4.- Esixir ás intitucións competentes as medidas necesarias para garantir a seguridade e as melloras nas infraestruturas pertinentes (Seguridade na Avda de Cambados, plan de rehabilitación de vivendas e casco histórico...).

5.- No suposto de que entre as zonas que se desafectasen do espazo portuario non estivera a explanada do Preguntoiro, Instar a Portos a que se comprometa a renunciar a edificar neste espazo, quedando para uso e desfrute do pobo de Vilaxoán.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir intervén D. José Ramón Abuín Rodríguez.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E IMPLANTACIÓN DE MELLORAS URBANÍSTICAS E DE ACCESIBILIDADE PARA O COLECTIVO DE INVIDENTES E DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de xullo de 2020 a seguinte

MOCIÓN:

“Eliminación de barreiras arquitectónicas e implantación de melloras urbanísticas e de accesibilidade para o colectivo de invidentes e de persoas con discapacidade visual”

EXPOÑEN

O Partido Popular mantivo o pasado 2 de xullo de 2020 un encontro con representantes do colectivo de invidentes de Vilagarcía no que os seus voceiros trasladaron as múltiples deficiencias que actualmente presenta Vilagarcía, e que se foron agravando nos últimos anos, tanto por non presentar o adecuado mantemento como pola creación de novos espazos non pensados para eles. O 7 de xullo, o PP aceptou a invitación deste colectivo para facer unha actividade de sensibilización polo centro da cidade e comprobar de primeira man as innumerables dificultades ás que se enfrontan no seu día a día.

A loita contra as barreiras arquitectónicas na cidade é un tema recorrente polos continuos incumprimentos do goberno local, que segue sen ter unha aposta clara e decidida por eliminalas. Lonxe de incorporar un criterio responsable e solidario en materia de de mobilidade e seguridade para os peóns, proxectos como o da Praza de Galicia presentan un importante abano de trampas arquitectónicas para os invidentes, o que provocou que esta zona sea hoxe máis perigosa que antes de levar a cabo o proxecto de humanización. Así, a pasarela sen valados ou pasamáns, os desniveis existentes, os cantos vivos de formigón a diferentes alturas ou a creación de parterres pegados ás fachadas dos edificios (a única guía real para os invidentes á hora de transitar pola rúa) fan deste un lugar a evitar. Moitos deles para ir de Praza de España á rúa Rey Daviña optan por desviarse por Praza de Independencia, percorrendo máis distancia e polo tanto expoñéndose a máis dificultades, só para non ter que pasar por Praza de Galicia, algo que debería de facer reflexionar ós responsables do modelo de humanización que é evidente que non é para todos os vilagarcíans.

Ademais, denuncian os representantes do colectivo vilagarcía que hai moibiliario urbán mal ubicado, tanto nas zonas peonís como no resto da cidade (no centro e nas parroquias), que non todos os pasos de peóns contan con baldosas “de botón” (o que lle indica a un invidente a existencia dun paso nunha estrada ou rúa), algo ó que obriga o marco legal vixente.

Solicitan ademais que todos os semáforos incorporen sinais acústicas para dotar de maior seguridade estas zonas de especial risco, que se regule dun xeito claro o tránsito de vehículos eléctricos e bicicletas polas rúas peonís, que se incorpore a lingua Braille na cartelería municipal e nas zonas públicas e que se incorpore a perspectiva de inclusión efectiva para este colectivo nos vindeiros proxectos urbanísticos que se vaian a levar a cabo en Vilagarcía durante os próximos anos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía

SOLICITA

- Que o goberno municipal de Vilagarcía de Arousa confeccione un plan plurianual de eliminación de barreiras arquitectónicas na cidade e saldar así unha conta pendente coa accesibilidade e a inclusión e que implemente á maior brevidade posible as seguintes peticións do colectivo:

o Eliminar os puntos de maior peligrosidade do proxecto de Praza de Galicia e revisar os demais

proxectos urbanísticos rematados, incorporando a perspectiva de inclusión para invidentes nos proxectos futuros.

o Reubicar o mobiliario urbán que supón un obstáculo para os invidentes nas rúas e prazas peonís e no resto do termo municipal.

o Revisar todos os pasos de peóns para que teñan nas súas inmediacións baldosas con botóns (eliminando aquelas baldosas con botóns que xa non teñen pasos de peóns) o Incorporar os sinais acústicos a todos os semáforos de Vilagarcía. o Regular dun xeito serio e decidido o tránsito de vehículos eléctricos e bicicletas nas zonas peonís, porque supoñen un dos maiores riscos para a integridade física do colectivo. o Incorporar a lingua Braille na cartelería e nos espazos municipais.

Ana Granja– Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Mare da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre eliminación de barreiras arquitectónicas e implantación de melloras urbanísticas e de accesibilidade para o colectivo de invidentes e de persoas con discapacidade visual.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (4), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1) e once abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e que polo goberno municipal de Vilagarcía de Arousa se confeccione un plan plurianual de eliminación de barreiras arquitectónicas na cidade e saldar así unha conta pendente coa accesibilidade e a inclusión e que implemente á maior brevidade posible as seguintes peticións do colectivo:

o Eliminar os puntos de maior peligrosidade do proxecto de Praza de Galicia e revisar os demais proxectos urbanísticos rematados, incorporando a perspectiva de inclusión para invidentes nos proxectos futuros.

o Reubicar o mobiliario urbán que supón un obstáculo para os invidentes nas rúas e prazas peonís e no resto do termo municipal.

o Revisar todos os pasos de peóns para que teñan nas súas inmediacións baldosas con botóns (eliminando aquelas baldosas con botóns que xa non teñen pasos de peóns) o Incorporar os sinais acústicos a todos os semáforos de Vilagarcía. o Regular dun xeito serio e decidido o tránsito de vehículos eléctricos e bicicletas nas zonas peonís, porque supoñen un dos maiores riscos para a integridade física do colectivo. o Incorporar a lingua Braille na cartelería e nos espazos municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA SOBRE A SUBSTITUCIÓN DA NOMENCLATURA DA AVDA. JUAN CARLOS I POR UNHA AVENIDA QUE REIVINDIQUE A HISTORIA DO NOSO SISTEMA DEMOCRÁTICO E A QUEN LOITARON POR EL: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de marea da Vila coa data de 20 de xullo de 2020, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xuño, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A SUBSTITUCIÓN DA NOMENCLATURA DA AVENIDA JUAN CARLOS I POR UNHA AVENIDA QUE REIVINDIQUE A HISTORIA DO NOSO SISTEMA DEMOCRÁTICO E A QUENES LOITARON POR EL.

Son tempos complicados para a democracia. Durante os últimos meses, en case tódalas cámaras representativas, puidemos asistir á escoita de ameazas, insultos e demais instrumentos utilizados por parte das bancadas da dereita e da extrema dereita, que tan só serviron para intentar desestabilizar gobernos de diferente signo, provocar crispación e polarizar á cidadanía, chegando incluso a emitir, nos primeiros momentos da aplicación do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo cal se declaraba o estado de alarma para a xestión da situación ocasionada pola crise sanitaria da COVID-19, campañas que alentaban un golpe de Estado, que eliminaría o valor e a validez do sufraxio que tivera lugar fai poucos meses e impoñendo á cidadanía un Goberno central “de Concentración Nacional”.

En coherencia ao que o groso da sociedade padece, o divulgar e o honrar a memoria, o honrar aos heroes e heroínas que loitaron contra un xigante, que tiveron que exiliarse porque crían que non había persoas que estivesen por riba doutras ou que padeceron ao Leviatán durante a súa hexemonía, deben ser un eixo fundamental para a xestión dun goberno local. Son estas persoas, que deixaron de lado o seu proxecto de vida, xunto co resto de cidadás e cidadáns, que sufriron nas súas carnes o franquismo e loitaron dende dentro para rematar coa etapa máis escura da nosa historia reciente, quenes trouxeron ao pobo o que é do pobo, quenes devolvemento o dereito a expresarse na urnas, quenes compraron co seu sangue todos os dereitos e liberdades que hoxe nós e o conxunto da cidadanía podemos desfrutar.

Por outra parte, é pouco decente honrar a quen pola súa inviolabilidade, ao parecer vitalicia e extensible a todos os ámbitos, non está sendo investigado por numerosos presuntos movementos irregulares, tan elaborados como pouco patrióticos. Un rei xusto é o que axuda ao pobo a desfacerse das cadeas do fascismo que o oprimen e o afogan, non o que se aproveita da inviolabilidade que por orde e gracia do fascismo herda. Unha imaxe turbia, cuxos presuntos delitos non poden nin desmentirse nin tan sequera investigarse non fai xustiza ás veciñas e veciños de Vilagarcía.

Por todo isto, o Grupo Municipal Marea da Vila presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

1) Proceder a substituír a nomenclatura urbana da actual Avda. Juan Carlos I por Avda. Da

Memoria.

2) Recordar e eternalizar mediante a colocación dunha placa, diante do Concello, aos veciños Ramón Diz Rivas, Francisco Varela Loureiro, José García Rodríguez, Antonio Quintáns Romero e Antonio Lamas Jueguen, que foron reprimidos primeiro polo franquismo e despois pola barbarie dos campos de exterminio e de concentración construídos por vontade do xenocida Adolf Hitler.

3) Divulgar o recordo e honrar a memoria de todas as vítimas do franquismo a semana do 31 de outubro, data sinalada polo Goberno central.

4) Divulgar a obra e a historia das vítimas do exilio, que loitaron contra a réxime dende outros Estados, a semana do 8 de maio, dando continuidade á proposta desta data polo Goberno do Estado.

5) Honrar ás mulleres que loitaron e que foron dobremente reprimidas, polo franquismo e polo machismo, o 19 de marzo, como aniversario do asasinato de Josefa Barreiro González, muller vilagarcía, que xunto con outras tres veciñas da vila, sufriron ata as últimas consecuencias a barbarie do Golpe de Estado Militar do ano 36.

6) Auditar o procedemento de eliminación das pegadas do Franquismo que aínda seguen nas nosas rúas, e convocar con maior frecuencia a Comisión de Memoria Histórica.

E para que así conste, en Vilagarcía, con data 20 de xullo de 2020.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais de Vilagarcía en Común e Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre a substitución da nomenclatura da Avda. Juan Carlos I por unha avenida que reivindique a historia do noso sistema democrático e a quen loitaron por el.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dous votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1), cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4) e do BNG (1), e once votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila sobre a substitución da nomenclatura da Avda. Juan Carlos I por unha avenida que reivindique a historia do noso sistema democrático e a quen loitaron por el.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO

MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN PARA RENOMEAR A AVDA. JUAN CARLOS I. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN PARA RENOMEAR A AVDA. JUAN CARLOS I. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 20 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria de agosto de 2019, a seguinte moción:

PARA RENONMBRAR A AVENIDA XOAN CARLOS I .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai moito tempo as sospeitas sobre as condutas e os negocios de Xoan Carlos I durante o exercicio do cargo de Xefe do estado, fanse notorias e van en aumento, con claras evidencias de que non todo se axustaba nin a dereito nin a moral ou ética de quen di ostentar unha representación pública, por moi pouco democrática que esta sexa.

Xa nas últimas semanas, esta situación que practicamente destapada, pois, a falta de pronunciamento xudicial, parece evidente que Xoan Carlos I presuntamente beneficiouse da súa posición para obter rendementos ilícitos en forma de comisións fraudulentas, que ademais depositaba en contas de países estranxeiros con lexislacións laxas en materia fiscal e completamente opacos ao exercicio fiscalizador de facendas coma a española.

Todas as declaracións das testemuñas apuntan e dan por confirmadas unhas actuacións que soamente poden tratarse como de presunta corruptela, abusando dunha situación de poder rancia e antidemocrática, para o seu beneficio persoal e das súas "amizades". Estas amizades confirman cas súas declaracións que existiron eses pagos dos que esas persoas foron beneficiarias directos seu propio fillo, Felipe VI, denunciou a existencia dunha fundación da que di non tiña coñecemento ata hai un ano, na que figuraba como parte activa. Avisou as autoridades do estado e renunciou publicamente a iso e por extensión a herdanza recibida do seu pai, a excepción da coroa, o que é unha evidente manobra de lavado de imaxe e pouco coherente, pois o lóxico sería renunciar a toda a herdanza sen excepción e devolver a soberanía íntegra ao pobo, que nunca debe ser vasallo de ninguén, O feito e que incluso o Felipe VI ve indicios de irregularidades na forma de proceder de Xoan Carlos I, o seu pai, no relativo a como consegue o patrimonio e como o xestiona para a súa ocultación ante os ollos das autoridades públicas deste país, de confirmarse, isto non so e corrupción debería tratarse de traizón en toda regra, visto o lugar de representación que por imperativo ocupaba esta persoa cando cometeu as presuntas irregularidades.

Na actualidade, os medios de comunicación anuncian ou adiantan que tanto a Presidencia do Goberno como a casa real están buscando saídas honrosas ou deshonorosas a figura do actual Rei Emérito, dende a retirada da coroa honorífica ata un posible exilio, o que resulta indecente e vergoñento que non se contemple que pague xustamente polos delitos que presuntamente puidera ter cometido, o cal sería o lóxico se é verdade iso de que todos somos iguais ante a xustiza, que tanto nos repíteo en varios dos seus discursos de nadal.

Polo tanto, estamos ante a figura dunha persoa que presuntamente abusou da súa posición imposta pola lei, como máximo responsable do estado, e por ende de todos os cidadáns, para estafalos e enriquecerse ilícitamente fuxindo das obrigas tributarias. E por iso mesmo Vilagarcía

non pode manter unha avenida que leve o nome dun monarca que se pode converter en corrupto polos feitos que se están vendo xudicialmente.

Existen moitas persoas que si son merecedoras de que lembremos e honremos dándolle o seu nome a unha rúa da nosa vila, recentemente nestes anos atrás, nomeouse como fillo adoptivo e predilecto respectivamente a Pando e Laracha e se comprometeu a que seu nome terían reflexo no rueiro de Vilagarcía. Pero por si alguén ten algún motivo para non dar cumprimento a este compromiso público, e vendo os poucos nomes de muller que figuran no rueiro Vilagarcían, pódese buscar outro nome de muller que teña significado en Vilagarcía.

E neste aspecto, creemos que son moitas as mulleres que poden encabezar a lista, pero tamén e verdade que hai unha figura que en Vilagarcía sufriu a repercusión de ser muller con ideas de esquerdas, que foi directora do Colexio Concepción Areal en Vilagarcía, e que foi degradada a profesora por ser sinalada como Republicana, Matilde Alonso Ríos (coñecida como Dona. Matilde).

Por todo o exposto, facemos a seguinte proposta de
ACORDO

- 1.- Substituír o nome da actual Avenida de Xoan Carlos I.
- 2.- Renomeala, ben con algúns dos nomes xa comprometidos, ou como a proposta recollida nesta moción, en lembranza de Dona Matilde Alonso Ríos.

En Vilagarcía de Arousa, 17 de xullo de 2020

Jesús López Rodríguez.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais de Vilagarcía en Común e Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para renomear a Avda. Juan Carlos I.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con tres votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común (1), BNG (1), e Marea da Vila (1), catro abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4), e once votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (11)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común para renomear a Avda. Juan Carlos I.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA, PARA REVERTER O DESMANTELAMENTO DA SANIDADE NA COMARCA QUE INCLÚA UNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA CON BASE EN VILAGARCÍA TODO O ANO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xullo de 2020, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila, coa data de 21 de xullo de 2020, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, como voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xuño, a seguinte moción:

Moción para revertir o desmantelamento da sanidade na comarca que inclúa unha ambulancia medicalizada con base en Vilagarcía durante todo o ano.

Este 2020 está sendo un ano especialmente duro, no que vivimos unha situación de pandemia inédita a raíz da expansión do virus COVID19 que puxo en tensión o noso sistema de saúde e cobrándose decenas de miles de vítimas no Estado, polo que podemos afirmar que a nosa sociedade xa nunca será a mesma.

Se algunha lección debemos extraer desta terrible situación, é que somos sociedades vulnerables que precisamos da protección que nos outorga "o común" e os servizos públicos, especialmente os relacionados cos coidados. Os nosos sistemas sanitarios víronse moi debilitados por anos de sucesivos recortes e de políticas da mercantilización da saúde. Por poñer datos, Galicia suprimiu 800 camas en hospitais durante os últimos 10 anos, a cuarta autonomía con maior redución de camas.

Nesta situación de debilidade, foi maiormente o persoal sanitario, as nosas doutoras e enfermeiros, as celadoras, limpadores, en definitiva, as persoas, as que tiveron que soste o sistema. Que o sistema galego de saúde non colapsara, debémollos aos nosos e nosas profesionais da saúde.

Cabe recordar ademais que a Xunta de Galicia se caracterizou durante toda a pandemia pola falta de transparencia e rigor nos datos. Algo grave durante a fases de restricións da mobilidade, pero que pode resultar moi irresponsable nun momento no que as restricións da mobilidade son moito menores.

Se ben nestes momentos a situación non parece tan descontrolada como nos meses de marzo e abril, os distintos brotes que se localizan en zonas como A Mariña ou Ribeira recórdannos a necesidade de convivir co virus, o que supón a asunción dun grao alto de responsabilidade persoal no relativo á hixiene e o uso de protocolos de protección, pero tamén no que respecta ao colectivo e ao sistema sanitario, especialmente respecto á detección e control de posibles rebrotes e ao papel que debe xogar a atención primaria.

Sen embargo, chegan os meses de verán e vemos como as dinámicas de cada ano se repiten. Falta de persoal para cubrir as vacacións e as xubilacións, peche de plantas ou redución de camas, son constantes das denuncias dos sindicatos. Só no Centro de Saúde de San Roque conflúe a xubilación dunha enfermeira cuxa praza foi amortizada ou a inestabilidade da atención en pediatría debido ás vacacións do médico que ten a praza. Esta situación contravén todo o que levan repetindo os especialistas durante meses, o papel esencial da atención primaria como liña de detección da COVID19 de cara a evitar que se repita a emerxencia de hai uns meses. Neste senso, a plataforma SOS Sanidade Pública vén de denunciar o excesivo emprego das consultas

telefónicas e telemáticas (con dificultades de accesibilidade para un gran número de pacientes) e reclama o retorno á "normalidade" tamén na atención primaria.

Asemade, días despois das eleccións, atopámonos que, de maneira precipitada e sen aviso previo, a Xunta de Galicia traslada a Portonovo a ambulancia medicalizada con base en Vilagarcía dende novembro de 2019. Esta ambulancia foi froito das constantes reivindicacións de sindicatos, persoal, e as demandas de distintos concellos do Salnés. Aínda así, vemos como uns meses despois da súa posta en funcionamento, a Xunta demostra o seu escaso compromiso con esta medida. A escolla de Vilagarcía como sede da ambulancia responde a criterios técnicos para unha mellor cobertura de toda a comarca O aumento pobacional e das necesidades de Sanxenxo durante o verán, non diminúe as dos outros concellos cuxas necesidades tamén se ven incrementadas. A cobertura e puntuais tensións do sistema sanitario deben resolverse cunha maior mobilización de recursos, e non modificando a súa distribución de tal modo que uns concellos se vexan prexudicados respecto a outros, como acontece co traslado da base da ambulancia medicalizada a Portonovo.

Por todo isto, o Grupo Municipal Marea da Vila presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

- 1) Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a realizar unha dotación de recursos para a loita contra o COVID19, con especial atención ao reforzo da atención primaria e das tarefas de detección e rastreo do virus.
- 2) Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a informar de forma veraz e transparente sobre os recursos mobilizados para a loita contra o COVID 19 e a incidencia e evolución da epidemia no noso país.
- 3) Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a corrixir as eivas do ambulatorio de San Roque, especialmente aquelas referentes á falta de persoal e a cobertura de vacacións do mesmo.
- 4) Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a recuperar a praza de enfermería amortizada na quenda da tarde do ambulatorio de San Roque.
- 5) Instar á Xunta de Galicia a dotar novamente e de maneira inmediata á Comarca do Salnés da ambulancia medicalizada con base en Vilagarcía e cubrir cun aumento de recursos as necesidades puntuais que existan no verán dentro da mesma.

E para que así conste, en Vilagarcía, con data 21 de xullo de 2020

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal de Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila para reverter o desmantelamento da Sanidade na Comarca, que inclúa unha ambulancia medicalizada con base en vilagarcía todo o ano.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Marea da Vila e,

- 1) Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a realizar unha dotación de recursos para a loita contra o COVID19, con especial atención ao reforzo da atención primaria e das tarefas de detección e rastreo do virus.
- 2) Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a informar de forma veraz e transparente sobre os recursos mobilizados para a loita contra o COVID 19 e a incidencia e evolución da epidemia no noso país.
- 3) Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a corrixir as eivas do ambulatorio de San Roque, especialmente aquelas referentes á falta de persoal e a cobertura de vacacións do mesmo.
- 4) Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade a recuperar a praza de enfermería amortizada na quenda da tarde do ambulatorio de San Roque.
- 5) Instar á Xunta de Galicia a dotar novamente e de maneira inmediata á Comarca do Salnés da ambulancia medicalizada con base en Vilagarcía e cubrir cun aumento de recursos as necesidades puntuais que existan no verán dentro da mesma.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14. INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos grupos políticos municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16. ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17. QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Debido ás normas de distancia social polo COVID-19 non asiste público á sesión.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20200730&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:03, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.